<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
10	Roma clásica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe e identifica as características básicas da civilización romana	PE	60
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal	TI	40
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Responde preguntas sobre textos históricos		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece e interpreta críticamente a situación das mulleres e dos escravos en Roma		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
11	Antigüidade na Península Ibérica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal	PE	60
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Responde preguntas sobre fontes históricas directas		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica as pegadas do Reino Suevo		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe as diferentes formas de organización política do pasado na Península Ibérica		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Identifica as causas do desmorreamento do Imperio Romano e a fragmentación do poder en Hispania	TI	40
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma e Grecia na conformación da identidade europea		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente o concepto de bárbaro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	A arte na Antigüidade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de identificar as características básicas de obras clave propostas	PE	60
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza a relación entre arte e civilización	TI	40
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de primeiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construindo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Segundo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que condúzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía. Neste aspecto é viable aplicar neste curso diversos métodos como o traballo por proxectos; a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Todos eles propician que o alumnado traballe e afonde nas súas competencias e se lle valoren os progresos e non só os resultados.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de", facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, ordena a historia, resolve e soluciona...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

En base ao recollido na lexislación vixente as materias deste Departamento impartiranse en lingua galega buscando que por parte do alumnado se adquira o dominio

necesario do idioma; para iso promoverase o emprego con carácter xeral da lingua galega, oral e escrita, por parte do alumnado. Ademais, en colaboración co Departamento de Lingua Galega e co Equipo de Dinamización Lingüística elaboraremos estratexias que favorezan unha actitude favorábel cara o idioma e unha capacitación tanto escrita como oral.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto : Xeografía e Historia . Editorial Vicens Vives. ISBN 978-84-682-7326-6
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Vídeos e documentais históricos e de xeografía
Prensa
Boletíns de reforzo e ampliación

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No curso 2023-2024 e tras a implementación total da LOMLOE, o noso centro comezou desenvolver un procedemento de avaliación inicial para 1º de ESO que busca dar reposta ao perfil competencial que determina ao marco lexislativo no que nos instalamos.

Os instrumentos deseñados dende esta materia serán completados con outras probas coordinadas dende o Departamento de Orientación (cribado de dislexia e hábitos de saúde e estudo):

1. Observación directa.
2. Proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos ao comezo do curso, ademais de probas diagnósticas ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá nunha serie de preguntas ao alumnado sobre os contidos a tratar na unidade .

A temporalización da avaliación:

A avaliación desenvólvese durante o mes de setembro.

As sesións da mesma serán o 14, 15 e 16 de outubro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	8	9	8	9	8	8	9	8
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 60)+ (Media rúbricas T.I.x 40)] / 100.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa superior a 4,5 na avaliación continua. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo unha recuperación.

O alumnado superará a materia cando supere as tres avaliacións, cun mínimo de 4,5 puntos en cada unha ou nas recuperacións das avaliacións suspensas.

A cualificación final da materia consistirá na nota media das convocatorias parciais, resultando aprobados os que acaden, como mínimo, a cualificación numérica de 4,5, e teñan as tres avaliacións aprobadas.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere unha avaliación poderá facer, ao longo do curso, unha recuperación en cada trimestre para recuperar a avaliación suspensa. Consistirá en facer unha proba escrita a realizar a posteriori da avaliación, que se cualificará cun 60%, reservando o restante 40% para a parte práctica que o alumnado deberá realizar en caso de non telo feito con anterioridade.

Os alumnos/as que non acaden un aprobado na materia, unha vez realizadas as tres avaliacións, terán dereito a un exame final. Este exame será unicamente da avaliación ou avaliacións que teña suspensas e para acadar unha avaliación positiva deberá conseguir unha puntuación igual ou superior a 4,5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este curso escolar impleméntase no centro a titoría de alumnado de ESO con materias pendentes. Durante este ano académico 2024-2025, esta función será desenvolvida pola profesora María Isabel Ventoso Millet.

*PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES:

-Todo o alumnado con materia pendente contará con dúas posibilidades de recuperación:

a) RECUPERACIÓN CONTINUA.

Desenvolva entre outubro e maio.

As datas para a entrega e/ou realización destes traballos ou probas serán común a todos os departamentos e virán determinados dende a xefatura de estudos. Haberá dúas datas:

- Entre o 15 e 25 de xaneiro.

- Entre o 15 e o 25 de abril

Esta recuperación consistirá en:

b) RECUPERACIÓN FINAL.

Desenvolva no mes de maio.

Constará dunha proba final que determinará o 100% da cualificación.

A esta proba presentarase o alumnado que non recuperou a materia de forma continua ou que non traballe regularmente

seguindo os procedementos establecidos por cada departamento.

Esta circunstancia será notificada á familia e/ou responsable legal correspondente.

- Todo o alumnado con materias pendentes estará matriculado no Curso de Aula virtual_ Materias pendentes habilitado para o mesmo.

O alumnado matriculado ten a obriga de acceder a aula virtual. De non poder facelo deberá informar á titora de pendentes.

- O profesorado do curso ordinario e/ou a xefatura de departamento, de ser o caso, reportará á titora de pendentes a información

necesaria para o correcto desenvolvemento.

Ademais, o alumnado deberá realizar dous cuadernillos, un de xeografía e outro de historia, para recuperar a materia. Deberán entregalos na data estimada polo docente. Os dous cuadernillos puntúan o 50% da nota e a proba o restante 50%.

No caso de non realizar estes cuadernillos o alumnado coa materia pendente deberá acudir ao exame final na data indicada polo centro. Será ponderado co 100% da nota da materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste curso hai alumnado con dificultades relacionadas con Trastorno do Espectro Autista (TEA), TEA con TDAH, Dislexia, e TEL con dislalia funcional, Altas Capacidades, e TDAH con Dislexia.

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo cunha proposta de material de traballo adaptado para lograr motivalo e que acade os obxectivos.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaía no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			
	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12				
ET.1 - Educación cívico-social								
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X				
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X				
ET.8 - Educación para o consumidor								

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria			X
Asistencia a charlas	complementaria	X		
Proxección de cine	complementaria		X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Emprega variedade de recursos
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
As actividades foron variadas e motivadoras

Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
Valora o esforzo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cumpriu co horario de clase
Outros
Demostra coñecemento da materia
Valoración xeral da materia

Descrición:

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio dun cuestionario ao alumnado (heteroavaliación), coavaliación entre compañeiros do departamento (diferentes medidas que se concretarán no apartado posterior) e autoavaliación (a través dos diarios de clase e dun cuestionario). O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de avaliación será a través de tres modelos:

- Heteroavaliación:

O profesorado poderá obter información da práctica docente a través dun cuestionario individual e anónimo. Este cuestionario está incluído na aula virtual do centro e consta de preguntas vinculadas aos indicadores sinalados no apartado anterior. O cuestionario realizarase durante o horario lectivo en coordinación coa xefatura de estudos.

- Autoavaliación e Coavaliación:

Cada docente de forma individual e dentro dos órganos colexiados avaliará a súa práctica docente a través das seguintes ferramentas:

* A análise de resultados realizado dende xefatura de estudos e presentados en Claustro e Consello Escolar.

A análise de resultados recollida en acta de cada departamento.

O Seguimento final realizado na aplicación Proens por cada docente

A memoria final de cada departamento.

Reflexión privada do propio docente, con énfase na análise dos seus resultados e propostas de mellora, que se recollerá en diarios de clase e un cuestionario de autoavaliación.

Este cuestionario de autoavaliación (con indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10), versará sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

9. Outros apartados